



CURSO 2021-2022

Departamento de Orientación do IES Sanxillao
PAT elaborado anualmente

ÍNDICE:

- I. INTRODUCCIÓN
- II. CONTEXTUALIZACIÓN:
 - a. Características da poboación escolar.
 - b. Características evolutivas do alumnado de ESO.
 - c. Características da etapa educativa da ESO.
- III. CARACTERÍSTICAS DA ACCIÓN TITORIAL NO IES SANXILLO
 - a. Necesidades detectadas
 - b. Obxectivos xerais e específicos con cada axente educativo
 - c. Funcións dos responsables da acción titorial.
 - d. Procedemento de nomeamento de tutores.
 - e. A coordinación e actuacións da acción titorial.
- IV. PLANIFICACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL:
 - a. Obxectivos específicos
 - b. Contidos
 - c. Temporalización
 - d. Recursos
- V. AVALIACIÓN DO PAT:
 - a. Instrumentos de avaliación.
 - b. Criterios de avaliación.
- VI. CRONOGRAMA DAS PRINCIPAIS ACTIVIDADES DE TITORÍA.

I. INTRODUCCIÓN:

Este documento baséase nas liñas de actuación de aprender a convivir, aprender a aprender, aprender a tomar decisións libres de sesgos e con autonomía e aprender a ser persoas.

Por todo isto, será o marco no que se levarán a cabo as actuación do profesorado no seu conxunto, en canto á relación co alumnado e familias, así como institucións do contorno. Así pois este profesorado está implicado na planificación, aplicación, avaliación e revisión do Plan de Acción Titorial, tal e como se indica nun apartado posterior.

Este documento constitúe o marco de referencia do que debe ser a acción titorial; é dicir, o conxunto de actividades que realizan os titores e titoras co obxecto de personalizar o ensino e atender a outros aspectos do desenvolvemento integral do alumnado.

Como documento de centro está ligado ao resto de documentos e, especialmente, aos documentos do Departamento de Orientación (PXAD, POE, POAP).

Destacar que a función docente leva consigo a orientación e a titoría de todo o alumnado (artigo 91 L.O.3/2020 LOMLOE), e para que así sexa, estableceranse as canles de comunicación necesarias e os mecanismos de coordinación precisos.

En último termo indica que entendemos por acción titorial :“a parte da función docente que pretende facilitar o desenvolvemento, maduración, orientación e aprendizaxe de todos e cada un dos alumnos e alumnas do centro a partir do coñecemento e a consideración da súa situación persoal, escolar, familiar e ambiental para que acade as máis altas cotas de desenvolvemento integral que sexan factibles”.

II. CONTEXTUALIZACIÓN:

A. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DA POBOACIÓN ESCOLAR:

O IES Sanxillao atópase situado nun barrio na cidade de Lugo. No momento de elaborar este PAT existen pequenos conflitos sociais entre o alumnado derivados das diferencias ideolóxicas e de problemas pequenos de convivencia; a isto debemos engadir e ter en conta toda a situación derivada da pandemia dos dous cursos anteriores.

O centro caracterízase por unha gran diversidade de alumnado, o cal é receptor cada ano de:

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- Alumnado procedente do estranxeiro, que se incorporan ao longo de todo o curso, con descoñecemento das dúas linguas oficiais, neste momento temos nesta situación alumnado de procedente de Mongolia.
- Alumnado procedente do estranxeiro de países hispano-falantes, fundamentalmente de Sudamérica.
- Alumnado etnia xitana.
- Alumnado de centros de menores.
- Alumnado procedente doutros centros da zona.
- Alumnado con problemática sociofamiliar, en situación de vulnerabilidade.
- Alumnado con diferentes patoloxías que lle permiten acadar o seu proceso de ensino-aprendizaxe pero do cal debemos de facer un seguimento.

En ESO existe unha enorme diversidade de capacidades, intereses e necesidades educativas. Nos grupos convive alumnado con alto nivel de expectativas educativas e alto rendimento académico con alumnado con necesidades educativas especiais ou con necesidade específica de apoio educativo. Os escasos recursos personais e organizativos para atender a esta diversidade, e as ratios altas en 1º ESO son unha dificultade engadida para o traballo titorial.

No caso da FPB a problemática das aulas está referida a problemas de sociovulnerabilidade máis dificultades de aprendizaxe.

Como puntos fortes o centro conta coa implicación de todo o profesorado, así como coa colaboración do contexto cercano (institucións e asociación da contorna) coas que se plantexarán obradoiros específicos nas titorías.

Actualmente o IES Sanxillao imparte a seguinte oferta formativa, escolarizando en total aproximadamente a 800 alumnos/as cada curso escolar.

ESO: 13 unidades.

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO: un grupo en 3º ESO de 8 alumnos.

BACHARELATO DE CIENCIAS DA NATUREZA, BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS E BACHARELATO DE ARTES:

FORMACIÓN PROFESIONAL:

- RÉXIME ORDINARIO:
 - *CB COCIÑA E RESTAURACIÓN*
 - *CM COCIÑA E GASTRONOMÍA*
 - *CM SERVIZOS E RESTAURACIÓN*
 - *CS DIRECCIÓN DE COCIÑA*
- FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL:
 - *CS DIRECCIÓN DE COCIÑA*
 - *CS DIRECCIÓN DE SERVIZOS DE RESTAURACIÓN*

B. CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DO ALUMNADO DE ESO.

- O alumnado que chega a ESO atópase na puberdade e comeza a adolescencia. Definida pola OMS como “as modificación psicolóxicas que teñen lugar durante o período comprendido entre a infancia e a idade adulta”.
- Esta etapa é un período de transición e cambio cuxo núcleo central consiste en ir converténdose en adulto e para iso deben resolver certas tarefas psicolóxicas que podemos resumir en: búsqueda e logro da propia identidade, logro da autonomía e toma de decisión sobre as metas vitais.
- Os cambios máis importantes poden agruparse no crecemento corporal en tamaño e forma; no desenvolvemento dos órganos reprodutores e no desenvolvemento das caracteres sexuais secundarios (cambio de voz, barba...)
- O patrón é diferenciado entre rapaces e rapazas, así como as consecuencias psicolóxicas destes cambios.
- Danse dous momentos fundamentais: o estirón que adoita darse antes nas rapazas que nos rapaces e a maduración sexual.
- As consecuencias psicolóxicas desta etapa evolutiva son determinantes nos procesos de ensinanza e na acción titorial, debemos deseñar actividades que axuden a entender estes cambios, así como ao seu desenvolvemento psicolóxico.
- Debemos de ter en conta que o alumnado debe acostumarse a estes cambios rapidamente e non sempre hai unha aceptación do seu corpo e imaxe corporal. Así mesmo, o impacto psicolóxico dos cambios físicos é moi importante. Necesitan gustar e gustarse, con frecuencia aparecen signos de timidez ou desafogo, medos, estrañeza ou inadecuación corporal, baixa autoestima por non axustar aos patróns de beleza dos medios.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- A todo isto debemos sumarlle a situación da postemerxencia que estamos vivindo, así como as consecuencias que esto ten no alumnado. Tamén o uso das novas tecnoloxías e a competencia dixital nun grao de emprego moi alto e moitas veces sen supervisión de adultos.

C. CARACTERÍSTICAS DA ETAPA DA ESO:

Trátase dunha etapa que ten as seguintes características:

- Etapa propedéutica e terminal: o que implica a necesidade dunha adecuada orientación vocacional e á vez a importancia de aseguralos aprendizaxes básicos para que a partir desta etapa, o alumnado poida iniciar diferentes caminos dende o punto de vista formativo.
- É a primeira vez que o alumnado vai a ser atendido por un amplo abano de profesorado, disto a importancia dunha adecuada acción titorial e da coordinación docente.
- Aparecen novas MAD como os PMAR, a crecente optatividade, os desdobles, etc.
- Ten un carácter obrigatorio, polo que é necesario proporcionar todas as respostas educativas necesarias ao conxunto da comunidade educativa.

III. CARACTERÍSTICAS DA ACCIÓN TITORIAL NO IES SANXILLAO:

A. NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES AXENTES EDUCATIVOS:

B. PERSOAL . Apoio ao Plan de Acción Titorial	
Centro Educativo	Actualización da Documentación de centro: Plan de Convivencia, NOFC (de acordo con la O. 2 de marzo de 2021). Actualización do PAT dacordo coas necesidades da comunidade educativa.
Alumnado	Prevención e promoción da convivencia en igualdade de condicións e prevención del abandono escolar. Sensibilización no respecto ás diferenzas. Coñecemento do bo uso das redes sociais e internet. Acollemento do alumnado que chega ao IES.
Profesorado	Participación en accións formativas sobre: resolución positiva de conflitos, benestar emocional, metodoloxías virtuais, APP

	educativas e redes sociais.
Familias	Promoción e información de estilos parentais positivos, educación familiar e emocional, estilo de vida dos adolescentes.
Centros Adscritos	Fomento da continuidade educativa entre etapas, colaboración entre grupos/clase.
Contexto	Potenciación do uso dos recursos que nos ofrecen as institucións do entorno para abordar contidos propios da acción titorial.

B. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS:

B. PERSOAL . Apoio ao Plan de Acción Titorial	
Centro Educativo	Mellorala convivencia do centro a través da implantación de programas e actuacións que resulten eficaces.
Alumnado	Favorecer o proceso de e/a aplicando técnicas e métodos pedagóxicos inclusivos, dándolles responsabilidades acordes a súa idade e conectado cos intereses propios dos adolescentes.
Profesorado	Promover a súa participación en cursos de formación permanente e visionados de Webinars ou Podscat educativos e de desenvolvemento integral do alumnado.
Familias	Levar a cabo “sesións presenciais ou virtuais informativas e participativas” sobre aspectos de gran relevancia para a educación.
Centros Adscritos	Elaborar un programa de transición entre EP e ESO que favorezca a prevención de posibles discontinuidades educativas, seguindo a actual LOMLOE.

Contexto	Iniciar protocolos de coordinación con recursos que poidan ofrecelas institucións do contexto.
----------	--

Outros obxectivos xerais para tódolos axentes educativos:

- 1) Favorecer a interacción positiva entre o profesorado e alumnado na aula durante os procesos de ensino – aprendizaxe.
- 2) Coordinar e trasladar ao profesorado do grupo a información relativa ao alumnado (h^a escolar, dificultades de aprendizaxe, contexto familiar, cumprimentación de documentos,...).
- 3) Asesorar e informar ás familias sobre os progresos dos seus fillos/as procurando a colaboración e complementariedade en todo momento.
- 4) Fomentar a integración e participación do alumnado na dinámica xeral do centro.
- 5) Realizar o seguimento do proceso de ensino – aprendizaxe dos alumnos/as, detectando e previndo dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas.
- 6) Orientar para o desenvolvemento persoal e profesional dos alumnos/as, mediante o asesoramento na elección de optativas e itinerarios educativos.
- 7) Complementar o labor educativo que levan a cabo os profesores/as das materias, priorizando as áreas de educación para a saúde, a convivencia e igualdade, a interculturalidade, a prevención da violencia, e seguridade no uso de internet e novas tecnoloxías.
- 8) Desenvolver nos alumnos/as hábitos adecuados e estratexias de organización do estudo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

B. PERSOAL. Apoio ao Plan de Acción Titorial	
Centro Educativo	Poñer en marcha programas que fomenten a boa convivencia do centro (charlas Plan Director ou outros organismos). Propoñer actuacións de carácter preventivo que melloren a convivencia e a educación emocional do alumnado. Establecer mecanismos de debate e elaboración de propostas na

	CCP que dinamicen o funcionamento desta e do propio centro.
Alumnado	<p>Axudar a que o alumnado adquira hábitos de vida saúdale (emocionais e sociais) a través de diversos programas educativos.</p> <p>Facilitala inclusión do alumnado e axudar no grupo-clase e na dinámica escolar, fomentando a cohesión intergrupala.</p> <p>Facilitar TTI e técnicas de estudo que favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Informar ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe, sobre a programación xeral, actividades, criterios de avaliación, promoción ou titulación (O.2 de marzo de 2021)</p>
Profesorado	<p>Animar e apoiar ao profesorado a realizar formación en materia de inclusión, convivencia e igualdade, dos cursos de formación da Consellería.</p> <p>Demandar colaboración nas actividades promovidas polo D.O, especialmente nas relacionadas coa introducción de metodoloxías didácticas innovadoras e a inserción da orientación nos diferentes deseños curriculares de forma interdisciplinar.</p> <p>Preparar e facilitar instrumentos concretos para a participación na acción tutorial (rol do titor, dinámicas de grupo, técnicas para a observación e entrevista...)</p> <p>Asesorar ao profesorado no uso correcto e incorrecto das novas tecnoloxías, así como a súa relación co proceso de ensino-aprendizaxe.</p>
Familias	Asesorar e manter informadas ás familias sobre as consecuencias do mal uso da Rede, así como das pautas para unha prevención

	<p>dos problemas en Internet.</p> <p>Propor ao corpo da CNP dentro do Plan Director participar en charlas para ás familias relativas a saúde dos seus fillos/as (droga e adiccións) e no uso das TICs e Internet.</p>
Centros Adscritos	<p>Manter dúas reunións en xuño e setembro para asegurala planificación anual coherente entre os DO.</p> <p>Realizar tres reunións anuais coa Xefatura do DO dos CEIP adscritos.</p>
Contexto	<p>Iniciar un protocolo de coordinación con entidades do contorno.</p> <p>Manter e consolidala relación e aa coordinación coas entidades do entorno (Concello, Arelas, OMIX, ASEIA, etc)</p>

C. FUNCIONES DOS RESPONSABLES DA ACCIÓN TITORIAL:

FUNCIÓN PROFESORADO:

A acción titorial vai ligada á función docente, polo que todo profesor/a e nalgunha mediatitor/a e contribúe na acción titorial do seguinte xeito (artículo 91. L.O.3/2021).

- Tutelando o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a na súa materia.
- Atendendo ás necesidades educativas específicas de cada alumno/a na súa materia.
- Atendendo á formación integral do alumno/a máis alá da mera instrución encoñecementos sobre a súa disciplina.
- Preocupándose polas circunstancias persoais de cada alumno/a.
- Facilitando que todos os alumnos/as estean integrados nogrupo.
- Coordinándose co titor/a e aportándolle información e apoio.
- Favorecendo a autoestima dos seus alumnos/as.
- Orientando aos seus alumnos/as sobre a mellor maneira de estudar a súa materia e sobre a forma de superar as súas dificultades.
- Escoitando as demandas e suxestións dos alumnos/as.
- Buscando a colaboración do resto do profesorado para axudarlle ao alumno/a.
- ASESORANDO ó alumnado sobre as saídas profesionais relacionadas coa materia que imparte e apoiándoo na toma de decisións sobre o seu futuro.

- Colaborando co titor na realización das sesións de avaliación e adoptando medidas educativas para a atención ás dificultades de aprendizaxe na súa materia

FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:

A CCP ten competencias para establecer as directrices xerais para a elaboración do PAT.

Isto é:

- Concretar as necesidades prioritarias (de tipo educativo, persoal, social e vocacional) a ter en conta para a inclusión de obxectivos e actividades no PAT.
- Formular criterios para o deseño dos itinerarios formativos da ESO e o Bacharelato.
- Formular directrices para a coordinación e a organización da acción tutorial.

FUNCIÓNS DO TITOR/A:

Ainda que a orientación e a tutoría do alumnado sexa unha tarefa compartida polo profesorado, a figura do titor/a, como órgano de coordinación docente, sigue sendo necesaria na coordinación do equipo de profesores/as do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas.

Estas funcións específicas son as seguintes:

- 1ª Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos e en colaboración co departamento de orientación do centro.
- 2ª Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo, fomentando a súa participación nas actividades do instituto e contribuindo a crear un bo clima de convivencia e aprendizaxe.
- 3ª Facer un seguimento persoal de cada alumno/a e facilitar que todos os profesores/as do grupo teñan en conta as necesidades de cada un/unha.
- 4ª Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo, presidindo as sesións de avaliación e facendo un seguimento dos acordos adoptados.
- 5ª Encauzar as inquiredanzas e demandas dos alumnos/as e mediar nos conflitos que se poidan presentar.
- 6ª Orientar ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- 7ª Facer de enlace entre o profesorado e os pais/nais dos alumnos/as.

FUNCIÓN DA XEFATURA DE ESTUDOS.

- Supervisar a elaboración do PAT e realizar propostas sobre o mesmo.
- Coordinar e dirixir a acción dos tutores/as, para asegurar o cumprimento do PAT coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Facilitar aos tutores/as as ferramentas de coordinación do profesorado do seu grupo.
- Garantir a comunicación coas familias.
- Velar polo cumprimento do establecido neste PAT.
- Proponer aos tutores/as para cada curso e grupo, baixo criterios pedagóxicos.

FUNCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

- Corresponde ó departamento de orientación elaborar, según as directrices da CCP e coa participación dos tutores/as, o PAT para a etapa, que deberá aprobar o claustro.
- Colaborar cos tutores/as na programación das actividades de tutoría para o seu grupo –clase.
- Proporcionar aos tutores/as os ferramentas e recursos que se lle soliciten, de cara ao desenvolvemento das actuacións propostas.
- Colaborar coa xefatura de estudos na coordinación e seguimento do PAT.
- Colaborar cos tutores/as e o resto do profesorado na prevención, detección e valoración de dificultades de aprendizaxe.
- Atender individualmente aos alumnos/as cando sexan remitidos polo seu tutor/a.
- Colaborar co tutor/a na comunicación coas familias presenciando e/ou coordinando as entrevistas cando o tutor/a o considere necesario.
- Fomentar e coordinar a colaboración con organismos e institucións alleas ao centro que poidan aportar información – formación relacionada cos obxectivos dos programas do PAT (como educación para a saúde, interculturalidade, orientación académica e profesional, educación afectivo-sexual, convivencia, ...). As actividades planificadas no PAT poderán ser substituídas pola intervención directa de organismos alleos.
- Elaborar unha memoria sobre o funcionamento do PAT ao final de curso coas aportacións do alumnado e dos tutores/as.

D. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DOS TITORES/AS:

MARCO LEGAL CONCRETO:

Artigo 58 do DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. A titoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. A función titorial e orientadora do alumnado desenvolverase ó longo de tódalas etapas e ciclos formativos.

2. Nos institutos de educación secundaria haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado. Otitor ou titora será designado polo director ou directora, por proposta do xefe ou xefa de estudos, oído o xefe ou xefa do departamento de orientación, entre os profesores e profesoras que impartan docencia a todo o grupo.

ORDE do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento. Titorías:

- A designación de titores farase de acordo co establecido no artigo 58 do Regulamento orgánico, sendo as súas funcións as recollidas no artigo 59 do dito regulamento.
- Para a designación de titores terase en conta:
 - As titorías serán asignadas preferentemente a profesores que impartan unha materia común a tódolos alumnos do grupo.
 - As titorías de grupos do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria serán asignadas preferentemente ós mestres que impartan clase ós ditos grupos.
 - Se é o caso, os titores dos grupos de PMAR serán preferentemente profesores do departamento de orientación e coordinaranse co restos dos titores dos grupos ós que pertencen os alumnos.
- Unha vez asignado un titor a cada grupo, no caso de existiren profesores dispoñibles, serán nomeados titores de grupos específicos de alumnos que precisen unha atención especial (que promocionaron sen acadar os obxectivos, repetidores)
- No suposto de que algún grupo quedase desatendido por falta de profesores dispoñibles, a titoría deses grupos deberá ser asumida por profesores que teñan ó seu cargo outro grupo ou desempeñen outras funcións de coordinación docente ou incluso directiva. Neste caso, o director do centro determinará a quen lle corresponde asumir a titoría de cada un dos ditos grupos de acordo con criterios de equidade e funcionalidade.
- As horas de titoría, a que fai referencia o punto 79 destas instrucións, deberán ser comunicadas ós pais e alumnos ó comenzo do curso. A hora de titoría dos alumnos formarán parte do seu horario lectivo.

MARCO LEGAL XERAL:

A normativa na que se basea o presente PAT ademáis da citada é a seguinte:

- Lei Orgánica 3/2020. LOMLOE.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Decreto 120/1998 ,polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia .
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

E. A COORDINACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL:

Coordinación xeral: Haberá un espazo de reunión para a coordinación entre os titores/as de cada nivel, o xefe de estudos e o departamento de orientación, no horario do Departamento de Orientación existe unha reunión semanal con cada titor/a da ESO. Será coordinada por Xefatura de estudos, a cal asistirán os titores/as de cada nivel, o xefe de estudos, a Orientadora e, cando proceda, o Profesorado de Pedagogía Terapéutica. Ditas reunións terán os seguintes obxectivos temporalizados.

SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none">• Concretar a programación de actividades para cada curso procurando adaptar o PAT ás necesidades específicas que presente cada grupo – clase.• Concretar a temporalización das actividades para o trimestre.• Coordinar e asesorar a avaliación inicial.• Coordinar e asesorar a reunión de pais/as de comezos de curso.• Trasladar o informe do xefe de estudos aos titores: funcionamento ante as normas de disciplina, actuacións
----------	---

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

	<p>cos pais, actuación ante as faltas de asistencia...</p> <ul style="list-style-type: none">• Informar sobre protocolos do centro: Absentismo, acoso, escolarización estranxeiros, convivencia,• Informar sobre educación inclusiva: que supón e como levala a cabo como parte dos obxectivos ODS 2030.
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none">• Definir prioridades da acción titorial e concretalas actividades para o segundo trimestre.• Coordinar os acordos e decisións adoptadas nas xuntas de avaliación do 1º trimestre.
ABRIL	<ul style="list-style-type: none">• Definir prioridades na acción titorial e concretar as actividades para o 3º trimestre.• Coordinar os acordos e decisións tomadas nas xuntas de avaliación do 2º trimestre.• Coordinar o procedemento de actuación para a proposta de alumnos/as para PMAR ou FP Básica no vindeiro curso.
XUÑO	<ul style="list-style-type: none">• Coordinar a documentación que o titor/a debe cumprimentar ao remate do curso. Tendo aquí en conta a nova Orde de Atención á Diversidade (8 de setembro de 2021).• Acordar a proposta final de alumnos para cursar un PMAR ou FP Básica no vindeiro curso para elevar á xunta de avaliación.• Avaliar o desenvolvemento do PAT ao longo do curso e acordar propostas de mellora.

Coordinación do titor/a e o profesorado do seu grupo:

O titor/a poderá convocar para unha reunión a todo o equipo docente do seu grupo de alumnos/as para temas puntuais ou analizar a marcha do grupo.

Contacto co Departamento de Orientación:

Ademais das reunións específicas cos titores/as, a comunicación realizarase según demanda do titor/a e da orientadora do centro. Cando se requira os titores/as poderán reunirse coa orientadora para plantexar as súas demandas ao Departamento de

Orientación, coordinar accións conxuntas, realizar o seguimento individual do alumnado, e asesorar sobre o desenvolvemento das actividades do PAT. Toda a documentación e recursos procurarase que sexa dixital.

IV. PLANIFICACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL:

A. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1º e 2º de ESO:

Ainda que se deben ter presentes todos os obxectivos xerais e liñas de actuación previstas anteriormente e dacordo coas necesidades detectadas, é conveniente priorizar os seguintes obxectivos atendendo ás características e necesidades que presentan os alumnos nestes primeiros cursos:

1. Facilitar a inclusión do novo alumnado no seu grupo clase e no centro.
2. Dar a coñecer ao alumnado as características organizativas do centro, así como o funcionamento do departamento de orientación e utilidades do mesmo.
3. Potenciar o autocoñecemento do alumnado, desenvolvendo a súa asertividade, autoestima e adaptación xeral.
4. Desenvolver no alumnado adecuados hábitos e técnicas de estudo, así como estratexias de aprendizaxe, como contido transversal do currículo.
5. Dar a coñecer nestes dous primeiros cursos os Estilos de Aprendizaxe como fonte de entendemento da atención á diversidade e fomento do estudo.
6. Contribuír ao desenvolvemento da orientación vocacional: dando a coñecer as características da nova etapa e asesorando na elección de optativas.
7. Detectar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e outras dificultades asociadas, mantendo especial atención ao benestar socioemocional.
8. Desenvolver nos alumnos/as actitudes e habilidades para afrontar os conflitos que se producen dentro e fóra do contorno escolar, formando aos alumnos/as en habilidades de interacción social.
9. Desenvolver no alumnado condutas de autoprotección e de denuncia de situacións de acoso, ciberacoso e intimidación escolar.
10. Desenvolver no alumnado condutas responsables de uso das redes sociais e novas tecnoloxías, así como actitudes preventivas de cara a un uso seguro de internet.
11. Desenvolver no alumnado actitudes e condutas en favor da igualdade de

xénero axudando a recoñecer e previr situacións e actitudes de violencia de xénero.

12. Axudar ó alumnado a valorar e a aceptar a diversidade cultural como un elemento de enriquecemento persoal e social.
13. Concienciar ás familias para que sexan conscientes dos cambios e esixencias escolares que selles presentan aos seus fillos/as na nova etapa.
14. Promover unha comunicación continuada e fluida coas familias de xeito que os obxectivos educativos do centro teñan unha continuidade no seo familiar.

3º e 4º de ESO e FPB:

1. Fomentar a participación do alumnado na dinámica e vida do centro.
2. Potenciar o autoconhecimento do alumnado, sobre todo no que respecta a intereses profesionais e aptitudes.
3. Profundizar no desenvolvemento das técnicas de estudo e estratexias de aprendizaxe como contido transversal do currículo.
4. Contribuír ao desenvolvemento da orientación vocacional, informando e asesorando ó alumnado na elección de itinerarios formativos acordes coas súas aptitudes e intereses.
5. Desenvolver no alumnado actitudes e habilidades de afrontamento dos conflitos profundizando no coñecemento da teoría e a práctica da regulación dos conflitos.
6. Desenvolver no alumnado condutas saudables e contribuír ao desenvolvemento dunha adecuada educación afectivo - sexual libre de prexuízos e tabús.
7. Desenvolver no alumnado condutas responsables de uso das redes sociais e novas tecnoloxías, así como actitudes preventivas de cara a un uso seguro de internet.
8. Desenvolver no alumnado actitudes e condutas en favor da igualdade de xénero axudando a recoñecer e previr situacións e actitudes de violencia machista.
9. Concienciar aos pais/nais para que sexan conscientes das alternativas que se lles presentan aos seus fillos/as ao rematar a súa escolarización nesta etapa.
10. Promover unha comunicación continuada e fluida coas familias de xeito que

os obxectivos educativos do centro teñan unha continuidade no seo familiar.

B. CONTIDOS:

Os contidos preséntase aquí de forma xeral para tódolos cursos, xa que no cronograma de actividades poderánse ver detallados por cursos.

1. PRESENTACIÓN DO NOVO CURSO 2021-2022:

- Coñecemento das normas COVID-19 para o presente curso.
- Coñecemento do grupo-aula e do profesorado.
- Coñecemento do Departamento de Orientación.
- Organización e normas da aula.
- Información a alumnado e familias sobre as programación didácticas, avaliacións, horarios de titoría, ABALAR , actividades complementarias, etc.

2. INCLUSIÓN E CONVIVENCIA:

- NOFC. Aula de convivencia.
- Deberes e dereitos do alumnado
- Elección de delegados
- Atención á diversidade.
- Sensibilización en diferentes problemáticas e dificultades persoais e sociais.
- Novas tecnoloxías, redes sociais e uso de internet e dispositivos.

3. APOIO SOCIOEMOCIONAL

- Habilidades socioemocionais.
- Expresión do vivido COVID-19.
- Autoestima, autoconceito e autocoñecemento.

4. IGUALDADE DE XÉNERO.

- Violencia de xénero.
- Mitos e falsas crenzas.
- Sensibilización e prexuízos nai gualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

5. TÉCNICAS DE ESTUDO E TTI

- Resumo, subliñado e esquemas.
- Estilos de aprendizaxe.
- Hábito de estudo. Horarios e espazos.

6. ORIENTACIÓN VOCACIONAL E TOMA DE DECISIÓNS:

- Autocoñecemento.
- Madureza vocacional.

- Itinerarios, materias optativas.
- Oferta educativa.
- Mercado laboral.

7. TEMAS PUNTUAIS SEGUNDO NECESIDADES OU INTERESES DOS GRUPOS:

- Trastornos alimenticios.
- Delitos de Odio.
- Diversidade Sexual.
- Conduta delitiva.

C. TEMPORALIZACIÓN:

Desenvolverase ao longo de todo o curso 2021-2022 e encadrada nos tres trimestres do curso. Estará sempre aberta a modificación e cambios segundo ás necesidades que xurdan .

D. RECURSOS:

RECURSOS HUMANOS

A acción titorial forma parte da función docente polo que require a implicación e participación de todo o profesorado. De xeito concreto contaremos con:

- Representante do corpo CNP do Plan Director.
- Representante da CIUG e USC.
- Asociacións do entorno ao IES que poidan impartir charlas (ARELAS, CURZ VERMELLA, ALAR, RAIOLAS, ETC)
- Programa “A Ponte” da USC.
- Forzas Armadas e Garda Civil.
- Concello de Lugo.

RECURSOS ORGANIZATIVOS

A maior parte da función titorial desenvolverase na aula ordinaria do alumnado. Contarase cun espazo dedicado a entrevistas e diálogos coa familia, profesorado e alumnado cando sexa preciso. Ademais contamos cunha hora de reunión semanal entre tutores da ESO e DO.

RECURSOS MATERIAIS

Os materiais poden verse referenciados no propio cronograma de actividades. Na maior parte son materiais elaborados pola Orientadora do IES, tamén se conta con programas e actividades de recursos externos.

V.AVALIACIÓN DO PAT:

A avaliación será continua e formativa. Será competencia do DO e do profesorado titor en

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

coordinación coa Xefatura de Estudos. O fin da avaliación será a adecuación do PAT ao contexto aula, a organización da Acción Titorial e a implicación do profesorado. A avaliación será continua en cada unha das reunións semanais cos titores/as.

a. Instrumentos de avaliación.

- **AVALIACIÓN CO ALUMNADO:** O titor/a realizará un seguimento das actividades programadas no PAT co alumnado ó longo de todo o curso. Ó remate do curso realizará unha avaliación final mediante unha enquisa e/ou debate co alumnado. As conclusións desa avaliación serán recollidas no informe de avaliación do PAT, que trasladará o Departamento de Orientación.
- **INFORME DO TITOR/A:** O titor/a realizará unha avaliación continua do PAT ao longo do curso.
- **INFORME DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:** O Departamento de Orientación realizará un seguimento e propondrá ós titores/as os reajustes na programación das actividades que se consideren necesarias. Ao remate do curso elaborará unha memoria onde reflectirá as valoracións feitas polos titores/as, os cambios introducidos na programación inicial e as propostas de modificación para o vindeiro curso. A memoria do PAT formará parte da memoria do departamento de orientación.

b. Criterios de avaliación.

Na memoria final do PAT, que debe realizar o departamento de orientación, deberase reflectir unha valoración do desenvolvemento do PAT, a cal terá en conta os seguintes indicadores ou criterios:

1. Realizáronse todas as actividades programadas no PAT de cada un dos cursos.
2. Cumpriuse a temporalización das actividades.
3. Os materiais utilizados para o desenvolvemento das actividades foron adecuados.
4. Consegúronse os obxectivos xerais e específicos do PAT para cada curso.
5. A xefatura de estudos implicouse na coordinación e seguimento do PAT.
6. Os titores implicáronse no desenvolvemento das actividades.
7. O departamento de orientación implicouse nos labores de asesoramento, coordinación, seguimento e apoio ao titor/a.
8. O equipo docente colaborou no desenvolvemento do PAT e implicouse no cumprimento das súas funcións.
9. A asignación de titores/as realizouse conforme aos criterios establecidos neste PAT.
10. Mellorou o grao de comunicación entre o centro e as familias.



VI.CRONOGRAMA DAS PRINCIPAIS ACTIVIDADES DE TITORÍA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. SANXILLO

Ronda das Fontiñas , 171
Apartado 385, 27080 LUGO

☎ 982 82 80 88 ☎ 982 82 80 99



UNIÓN EUROPEA

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL



CRONOGRAMA ACTIVIDADES PLAN DE ACCIÓN TITORIAL 1º ESO

MES	Nº SESIÓNS	ACTIVIDADE	MATERIAIS
SETEMBRO- OUTUBRO	5-6	<p>ACOLLIDA ALUMNADO</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Presentación do IES, normas do centro, funcionamento, horarios. 2. Dinámicas de presentación. 3. Inventario de estilos de aprendizaxe. <p>NOFC E CONVIVENCIA</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecemento das NOFC do IES (lectura e reflexión). Pautas de convivencia nas aulas e no IES. <p>COÑECEMENTO DO DPTO DE ORIENTACIÓN</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A orientadora entrará nunha titoría/clase para facer unha breve presentación do DO: como funciona, como lles pode axudar, cando empregalo, etc. <p>ELECCIÓN DE DELEGADO</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Actividade de elección de delegado. 	<p>BLOQUE I. PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL.</p> <p>NOFC DO IES</p> <p>PRESENTACIÓN DA ORIENTADORA. TEST ESTILOS DE APRENDIZAXE.</p> <p>CARPETA TITORES.ELECCIÓN DE DELEGADO.</p>
NOVEMBRO	4-5	<p>APOIO SOCIOEMOCIONAL</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Actividade a expresión do vivido (recomendado Querida yo) (50`) 2. Actividade de fortalecemento e cohesión do grupo (recomendado la solución entre todos) (50`) 	<p>PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL</p>



CRONOGRAMA ACTIVIDADES PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 1º ESO

		<p>ORGANIZAMOS O ESTUDO</p> <p>3. Cuestionario de autoavaliación do estudo máis reflexión e debate sobre como estudamos. (50´)</p> <p>4. Elaboro o meu horario de estudo semanal (50´)</p> <p>IGUALDADE DE XÉNERO, NON VIOLENCIA MACHISTA. 25N.</p> <p>Con motivo do día da NON VIOLENCIA MACHISTA, organizarase en colaboración coa Comisión de Igualdade do IES algunha actividades para os grupos de 1º ESO da cal se dará coñecemento.</p> <p>NESTE MES ESTÁ PREVISTA UNHA CHARLA DENTRO DO PLAN DIRECTOR SOBRE ACOSO ESCOLAR.</p>	<p>FICHA CUESTIONARIO PLANIFICACIÓN ESTUDO FICHA-GUIÓN O MEU HORARIO DE ESTUDO</p>
DECEMBRO	2-3	<p>RESPECTAMOS LAS DIFERENZAS E CONVIVIMOS</p> <p>1. Visionado e traballo do vídeo en youtube o caso de Lorenzo (50´)</p> <p>APOIO SOCIOEMOCIONAL</p> <p>2. Actividade de fortalecemento da autoestima. Fuera etiquetas. (50´)</p> <p>AS NOVAS TECNOLOXÍAS-REDES SOCIAIS E OS SEUS PERIGOS</p>	<p>FICHA EL CAZO DE LORENZO.</p> <p>PROGRAMA DE APOIO SOCIOEMOCIONAL</p>



CRONOGRAMA ACTIVIDADES PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 1º ESO

		3. O perigo nas redes sociais. Visionado e reflexión. (50`)	FICHA VISIONADO EL PELIGRO EN LAS REDES SOCIALES
XANEIRO	3-4	<p>ORGANIZAMOS O ESTUDO:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Método eficaz de estudo. 2. Planificamos unha sesión de estudo. Explicamos o ambiente ideal para o estudo. 3. Reflexionamos sobre como foi a primeira avaliación. Enquisa para reflexionar. Debate. <p>NESTE MES É PROBABLE QUE UNHA ENTIDADE EXTERNA FAGA UNHA CHARLA SOBRE A SENSIBILIZACIÓN DO TEA.</p>	<p>MANUAL TÉCNICAS DE ESTUDO (Pax 8 ata a 11)</p> <p>ENQUISA POST AVALIACIÓN.</p>
FEBREIRO	3-4	<p>ORGANIZAMOS O ESTUDO</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Técnicas básicas: O subliñado 2. Técnicas básicas: O esquema. <p>IGUALDADE DE XÉNERO</p> <ol style="list-style-type: none"> 3. Con motivo do 8M Día Internacional da Muller farase unha actividade en colaboración coa Comisión de Igualdade do IES. 	MANUAL DE TÉCNICAS DE ESTUDO
MARZO	4	<p>ORIENTACIÓN VOCACIONAL</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Actividades de autoconhecimento. Coñezo as miñas habilidades. (dúas sesións) 	CADERNO DE AUTOCONHECIMENTO 1º ESO.



CRONOGRAMA ACTIVIDADES PLAN DE ACCIÓN TITORIAL 1º ESO

		<p>RESPETAMOS LAS DIFERENCIAS E CONVIVIMOS</p> <p>2. Actividades Yo voy conmigo.</p> <p>3. O acoso escolar contado por estudantes. Visionado do vídeo e posta de exemplos no grupo-aula.</p>	<p>FICHA YO VOY CONMIGO.</p> <p>FICHA ACOSO ESCOLAR.</p>
